

Campo electrostático

[Método e recomendacións](#)

PROBLEMAS

Cargas puntuais

1. Dúas cargas eléctricas positivas de 3 nC cada unha están fixas nas posicións (2, 0) e (-2, 0) e unha carga negativa de -6 nC está fixa na posición (0, -1).
- Calcula o vector campo eléctrico no punto (0, 1).
 - Colócase outra carga positiva de 1 μC no punto (0,1), inicialmente en repouso e de xeito que é libre de moverse. Razoar se chegará ata a orixe de coordenadas e, en caso afirmativo, calcula a enerxía cinética que terá nese punto.

Datos: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$. As posicións están en metros.

(A.B.A.U. ord. 21)

Rta.: a) $\vec{E} = -8,67 \hat{j} \text{ N/C}$; b) $E_c = 2,4 \cdot 10^{-5} \text{ J}$.

Datos

Valor das cargas situadas nos puntos A e B

Valor da carga situada no punto C

Posición do punto A

Posición do punto B

Posición do punto C

Posición do punto D no que calcular o vector campo eléctrico

Carga da partícula que se despraza

Velocidade inicial no punto D

Posición do punto O ao que chega

Constante de Coulomb

Incógnitas

Vector campo eléctrico no punto D

Enerxía cinética que terá ao pasar pola orixe

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Enerxía potencial eléctrica dunha carga nun punto A

Enerxía cinética dunha masa, m , que se move cunha velocidade, v

Principio da conservación da enerxía entre dous puntos A e B

Cifras significativas: 3

$Q_A = Q_B = 3,00 \text{ nC} = 3,00 \cdot 10^{-9} \text{ C}$

$Q_C = -6,00 \text{ nC} = -6,00 \cdot 10^{-9} \text{ C}$

$\vec{r}_A = (2,00, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_B = (-2,00, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_C = (0, -1,00) \text{ m}$

$\vec{r}_D = (0, 1,00) \text{ m}$

$q = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$v_D = 0$

$\vec{r}_O = (0, 0) \text{ m}$

$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

\vec{E}_D

E_{cO}

r

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$E_{pA} = q \cdot V_A$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$(E_c + E_p)_A = (E_c + E_p)_B$$

Solución:


a)

Faise un debuxo no que se sitúan os puntos A(2, 0), B(-2, 0), C(0, -1) e D(0, 1).

Debúxanse os vectores do campo no punto D, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido.

Os campos creados polas cargas situadas nos puntos A e B son de repulsión, porque as cargas son positivas, e son do mesmo valor, porque as cargas e as distancias son iguais.

Pero o campo producido pola carga situada no punto C é de atracción, porque é negativa, e será maior que o creado pola carga situada



no punto A, porque o punto C está máis cerca do punto D que o punto A, e a carga situada no punto C é maior que a carga situada no punto A.

Debúxase o vector suma que é o campo resultante, \vec{E}_D .

Como os campos creados polas cargas situadas nos puntos A e B son do mesmo valor, a súas compoñentes horizontais anúlense e a resultante de ambas será vertical e estará dirixida no sentido positivo do eixe Y. A súa medida será o dobre da compoñente vertical dunha delas.

O valor do campo resultante será a suma das compoñentes verticais de cada carga. Como o valor do campo creado pola carga situada no punto C é maior que a suma das compoñentes verticais dos campos creados polas cargas situadas nos puntos A e B, a resultante dos tres campos estará dirixida no sentido negativo do eixe Y.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

Calcúlase a distancia entre os puntos A(2, 0) e D(0, 1):

$$\begin{aligned} \vec{r}_{AD} &= \vec{r}_D - \vec{r}_A = 1,00 \vec{j} \text{ [m]} - 2,00 \vec{i} \text{ [m]} = (-2,00 \vec{i} + 1,00 \vec{j}) \text{ m} \\ r_{AD} = |\vec{r}_{AD}| &= \sqrt{(-2,00 \text{ [m]})^2 + (1,00 \text{ [m]})^2} = 2,24 \text{ m} \end{aligned}$$

Calcúlase o vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto A:

$$\vec{u}_{AD} = \frac{\vec{r}_{AD}}{|\vec{r}_{AD}|} = \frac{(-2,00 \vec{i} + 1,00 \vec{j}) \text{ [m]}}{2,24 \text{ [m]}} = -0,894 \vec{i} + 0,447 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de +3 nC situada no punto A:

$$\vec{E}_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{3,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(2,24 \text{ [m]})^2} (-0,894 \vec{i} + 0,447 \vec{j}) = (-4,83 \vec{i} + 2,41 \vec{j}) \text{ N/C}$$

O campo no punto D, debido á carga de +3 nC, situada no punto B, é simétrico ao creado pola carga situada no punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{DB} = (4,83 \vec{i} + 2,41 \vec{j}) \text{ N/C}$$

A distancia do punto D ao punto C é: $r_{DC} = |(0, 1,00) \text{ [m]} - (0, -1,00) \text{ [m]}| = 2,00 \text{ m}$.

O vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto C, é \vec{j} , o vector unitario do eixe Y.

Calcúlase o campo no punto D, debido á carga de -6 nC situada no punto C:

$$\vec{E}_{DC} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{-6,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(2,00 \text{ [m]})^2} \vec{j} = -13,5 \vec{j} \text{ N/C}$$

Pelo principio de superposición, o campo resultante no punto D é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_D = \vec{E}_{DA} + \vec{E}_{DB} + \vec{E}_{DC} = (-4,83 \vec{i} + 2,41 \vec{j}) \text{ [N/C]} + (4,83 \vec{i} + 2,41 \vec{j}) \text{ [N/C]} + (-13,5 \vec{j}) \text{ [N/C]} = -8,67 \vec{j} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo está dirixido no sentido negativo do eixe Y.

b) Ao colocar unha carga positiva de $1 \mu\text{C}$ no punto $D(0, 1)$, o campo exercerá unha forza dirixida no mesmo sentido que o vector de intensidade de campo, sentido negativo do eixe Y . A carga será empurrada e pasará pola orixe $O(0, 0)$.

Como a forza eléctrica é unha forza conservativa, a enerxía mecánica consérvase.

$$(E_c + E_p)_O = (E_c + E_p)_D$$

$$E_{cO} + q \cdot V_O = E_{cD} + q \cdot V_D$$

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Calcúlase o potencial no punto D debido á carga de $+3 \text{ nC}$ situada no punto A :

$$V_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-9} [\text{C}]}{(2,24 [\text{m}])} = 12,1 \text{ V}$$

O potencial no punto D , debido á carga de $+3 \text{ nC}$ situada no punto B , vale o mesmo, xa que a distancia e a carga son as mesmas:

$$V_{DB} = 12,1 \text{ V}$$

Calcúlase o potencial no punto D , debido á carga de -6 nC situada no punto C :

$$V_{DC} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-6,00 \cdot 10^{-9} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])} = -27,0 \text{ V}$$

O potencial eléctrico nun punto debido á presenza de varias cargas, é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga.

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} + V_{DC} = 12,1 [\text{V}] + 12,1 [\text{V}] + (-27,0 [\text{V}]) = -2,8 \text{ V}$$

Faise o mesmo proceso para calcular o potencial eléctrico na orixe O .

Calcúlase o potencial no punto O debido á carga de $+3 \text{ nC}$ situada no punto A :

$$V_{OA} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-9} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])} = 13,5 \text{ V}$$

O potencial no punto $O(0, 0)$ debido á carga de $+3 \text{ nC}$ situada no punto $B(-2, 0)$ vale o mesmo, xa que a distancia e a carga son as mesmas:

$$V_{OB} = 13,5 \text{ V}$$

Calcúlase o potencial no punto O , debido á carga de -6 nC situada no punto C :

$$V_{OC} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-6,00 \cdot 10^{-9} [\text{C}]}{(1,00 [\text{m}])} = -54,0 \text{ V}$$

O potencial eléctrico nun punto debido á presenza de varias cargas, é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga.

$$V_O = V_{OA} + V_{OB} + V_{OC} = 13,5 [\text{V}] + 13,5 [\text{V}] + (-54,0 [\text{V}]) = -27,0 \text{ V}$$

Substituíndo os valores dos potenciais, e tendo en conta que no punto D a velocidade é nula, a ecuación de conservación da enerxía quedaría:

$$E_{cO} + 1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot (-27,0) [\text{V}] = 0 + 1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot (-2,8) [\text{V}]$$

Despexando, obtense o valor da enerxía cinética ao pasar pola orixe.

$$E_{cO} = 1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot (27,0 - 2,8) [\text{V}] = 2,4 \cdot 10^{-5} \text{ J}$$

2. Dúas cargas puntuais de $-6 \mu\text{C}$ cada unha están fixas nos puntos de coordenadas $(-5, 0)$ e $(5, 0)$. Cal-
cula:

a) O vector campo eléctrico no punto $(15, 0)$.

b) A velocidade coa que chega ao punto $(10, 0)$ unha partícula de masa 20 g e carga $8 \mu\text{C}$ que se
abandona libremente no punto $(15, 0)$.

Dato: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$. As coordenadas están expresadas en metros.

(A.B.A.U. extr. 20)

Rta.: a) $\vec{E}_C = -675 \vec{i} \text{ N/C}$; b) $\vec{v}_D = -2,2 \vec{i} \text{ m/s}$.

Datos

Valor das cargas fixas

Posicións das cargas fixas: A
B

Posición do punto C

Carga que se despraza

Masa da carga que se despraza ata a orixe

Velocidade inicial no punto C

Posición do punto D polo que pasa a carga que se despraza

Constante de Coulomb

Incógnitas

Vector campo eléctrico no punto C

Velocidade que terá a carga de $8 \mu\text{C}$ ao pasar polo punto D

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Lei de Coulomb: forza entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas unha
distancia, r

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Energía potencial eléctrica dunha carga nun punto A

Energía cinética dunha masa, m , que se move cunha velocidade, v

Principio da conservación da enerxía entre dous puntos A e B

Cifras significativas: 3

$Q = -6,00 \mu\text{C} = -6,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$\vec{r}_A = (-5,00, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_B = (5,00, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_C = (15,0, 0) \text{ m}$

$q = 8,00 \mu\text{C} = 8,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$m = 20,0 \text{ g} = 0,0200 \text{ kg}$

$v_C = 0$

$\vec{r}_D = (10,0, 0) \text{ m}$

$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

\vec{E}_C

v_D

r

$$\vec{F} = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{F}_A = \sum \vec{F}_{A_i}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$E_{pA} = q \cdot V_A$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$


$$(E_c + E_p)_A = (E_c + E_p)_B$$

Solución:

a) Faise un debuxo no que se sitúan os puntos

$A(-5, 0)$, $B(5, 0)$ e $C(15, 0)$.

Debúxanse os vectores de campo no punto C,
un vector por cada carga, prestando atención
ao sentido, que é de atracción porque as cargas
son negativas.



A medida do campo vectorial creado pola carga situada no punto B é catro veces maior que o creado pola
carga situada no punto A, que está ao dobre de distancia.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_C .

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de va-
rias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das car-
gas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois
súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de
Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade
de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

A distancia entre os puntos A e C vale: $r_{AC} = |(15,0, 0) \text{ [m]} - (-5,00, 0) \text{ [m]}| = 20,0 \text{ m}$.

O vector unitario do punto C, tomando como orixe o punto A, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo no punto C, debido á carga de $-6 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$\vec{E}_{CA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-6,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(20,0 \text{ [m]})^2} \vec{i} = -135 \vec{i} \text{ N/C}$$

A distancia entre os puntos B e C vale: $r_{BC} = |(15,0, 0) \text{ [m]} - (5,00, 0) \text{ [m]}| = 10,0 \text{ m}$

O vector unitario do punto C, tomando como orixe o punto B, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo no punto C debido á carga de $-6 \mu\text{C}$ situada no punto B:

$$\vec{E}_{CB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-6,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(10,0 \text{ [m]})^2} \vec{i} = -540 \vec{i} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o vector de intensidade de campo eléctrico resultante no punto C é a suma vectorial dos vectores de intensidade de campo de cada carga:

$$\vec{E}_C = \vec{E}_{CA} + \vec{E}_{CB} = -135 \vec{i} \text{ [N/C]} + (-540 \vec{i} \text{ [N/C]}) = -675 \vec{i} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo está dirixido no sentido negativo do eixe X.

b) Como a forza eléctrica é unha forza conservativa, a enerxía mecánica consérvase.

$$(E_c + E_p)_C = (E_c + E_p)_D \\ \frac{1}{2} m v_C^2 + q \cdot V_C = \frac{1}{2} m v_D^2 + q \cdot V_D$$

Hai que calcular os potenciais eléctricos nos puntos C e D.

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Calcúlase o potencial eléctrico no punto C, debido á carga de $-6 \mu\text{C}$ situada no punto A é:

$$V_{CA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-6,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(20,0 \text{ [m]})} = -2,70 \cdot 10^3 \text{ V}$$

Calcúlase o potencial eléctrico no punto C, debido á carga de $-6 \mu\text{C}$ situada no punto B é:

$$V_{CB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-6,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(10,0 \text{ [m]})} = -5,40 \cdot 10^3 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto C é a suma:

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} = -2,70 \cdot 10^3 \text{ [V]} + (-5,40 \cdot 10^3 \text{ [V]}) = -8,10 \cdot 10^3 \text{ V}$$

A distancia entre os puntos A(-5, 0) e D(10, 0) vale: $r_{AD} = |(10,0, 0) \text{ [m]} - (-5,00, 0) \text{ [m]}| = 15,0 \text{ m}$.

Calcúlase o potencial eléctrico no punto D, debido á carga de $-6 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$V_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-6,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(15,0 \text{ [m]})} = -3,60 \cdot 10^3 \text{ V}$$

A distancia entre os puntos B e D vale: $r_{BD} = |(10,0, 0) \text{ [m]} - (5,00, 0) \text{ [m]}| = 5,0 \text{ m}$.

Calcúlase o potencial eléctrico no punto D, debido á carga de $-6 \mu\text{C}$ situada no punto B:

$$V_{DB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-6,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(5,0 \text{ [m]})} = -1,1 \cdot 10^4 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto D é a suma:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} = -3,60 \cdot 10^3 \text{ [V]} + (-1,1 \cdot 10^4 \text{ [V]}) = -1,5 \cdot 10^4 \text{ V}$$

Aplicase o principio de conservación da enerxía:

$$0 + 8,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot (-8,10 \cdot 10^3 \text{ [V]}) = (20,0 \cdot 10^{-3} \text{ [kg]} \cdot v_D^2 / 2) + 8,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot (-1,5 \cdot 10^4 \text{ [V]})$$

O valor da velocidade obtense despeando:

$$v_D = \sqrt{\frac{2 \cdot 8,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} (1,5 \cdot 10^4 - 8,10 \cdot 10^3) \text{ [V]}}{20,0 \cdot 10^{-3} \text{ [kg]}}} = 2,2 \text{ m/s}$$

Como a velocidade é un vector, hai que determinar a dirección e o sentido.

Pódese deducir que a aceleración ten a dirección do eixe X en sentido negativo, porque a carga é positiva e a aceleración seguirá a dirección e o sentido do campo. Se un móbil parte do repouso, e a aceleración ten dirección constante, o movemento será rectilíneo na liña da aceleración.

$$\vec{v}_D = -2,2 \vec{i} \text{ m/s}$$

3. Un dipolo eléctrico é un sistema formado por dúas cargas do mesmo valor e de signo contrario que están separadas por unha distancia fixa. Se o valor absoluto de cada unha das cargas é $2 \mu\text{C}$ e están situadas nos puntos $(0, 0)$ e $(4, 0)$, calcula:

a) O potencial eléctrico creado polo dipolo no punto $(2, 2)$.

b) A aceleración que experimenta un protón situado no punto medio do dipolo.

Datos: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$; $q(p) = 1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $m(p) = 1,67 \cdot 10^{-27} \text{ kg}$. As distancias están en metros.

(A.B.A.U. ord. 20)

Rta.: a) $V = 0$; b) $\vec{a} = 8,62 \cdot 10^{11} \text{ m/s}^2$, cara á carga negativa.

Datos

Posición da carga Q_1

Posición da carga Q_2

Posición do punto 3

Posición do punto medio do dipolo (punto 4)

Valor da carga situada no punto 1

Valor da carga situada no punto 2

Valor da carga do protón

Masa do protón

Constante de Coulomb

Incógnitas

Potencial eléctrico no punto 3

Aceleración dun protón situado no punto medio do dipolo

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Campo eléctrico

2.ª lei de Newton da Dinámica

Cifras significativas: 3

$$\vec{r}_1 = (0, 0) \text{ m}$$

$$\vec{r}_2 = (4,00, 0) \text{ m}$$

$$\vec{r}_3 = (2,00, 2,00) \text{ m}$$

$$\vec{r}_4 = (2,00, 0) \text{ m}$$

$$Q_1 = 2,00 \mu\text{C} = 2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

$$Q_2 = -2,00 \mu\text{C} = -2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

$$q = 1,60 \cdot 10^{-19} \text{ C}$$

$$m = 1,67 \cdot 10^{-27} \text{ kg}$$

$$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$$

$$V_3$$

$$a$$

$$r$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}}{q}$$

$$\vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

Solución:

a)

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Calcúlase a distancia do punto 1(0, 0) ao punto 3(2, 2):

$$r_{13} = |\vec{r}_3 - \vec{r}_1| = \sqrt{(2,00 \text{ [m]} - 0 \text{ [m]})^2 + (2,00 \text{ [m]} - 0 \text{ [m]})^2} = 2,83 \text{ m}$$

Calcúlase o potencial no punto 3(2, 2), debido á carga de $2 \mu\text{C}$ situada no punto 1:

$$V_{31} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(2,83 \text{ [m]})} = 6,36 \cdot 10^3 \text{ V}$$

O potencial no punto 3(2, 2), debido á carga de $-2 \mu\text{C}$ situada no punto 2, ten o valor oposto xa que a distancia é a mesma pero a carga é oposta:

$$V_{32} = -6,36 \cdot 10^3 \text{ V}$$

O potencial eléctrico dun punto debido á presenza de varias cargas, é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga. Como son opostos, o potencial anúlase.

$$V_3 = V_{31} + V_{32} = 6,36 \cdot 10^3 \text{ [V]} + (-6,36 \cdot 10^3 \text{ [V]}) = 0$$

b) O punto medio do dipolo é o punto 4(2, 0).

Nun debuxo sitúanse os puntos 1(0, 0), 2(4, 0), y 4(2, 0).

Suponse que a carga positiva está no punto 1.

Debúxanse os vectores do campo no punto 4, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido.

O campo creado pola carga positiva situada no punto 1 é de repulsión,

pero o campo creado pola carga negativa situada no punto 2 é de atracción.

A medida de ambos os vectores é a mesma, porque os valores dos campos son os mesmos, xa que as distancias e os valores absolutos das cargas son iguais.

Debúxase o vector suma que é o campo resultante, \vec{E}_4 .

A medida do resultado será o dobre da medida dun dos campos.

Para calcular a aceleración do protón, calcúlase antes a forza eléctrica no punto medio, a partir do campo eléctrico.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$


O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

A distancia do punto 1 ao punto 4 é: $r_{14} = |(2,00, 0) \text{ [m]} - (0, 0)| = 2,00 \text{ m}$.

O vector unitario do punto 4, tomando como orixe o punto 1, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X .

Calcúlase o campo no punto 4, debida á carga de $2 \mu\text{C}$ situada no punto 1:



$$\vec{E}_{41} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}] \frac{2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(2,00 \text{ [m]})^2} \vec{i} = 4,50 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

O campo no punto 4, debida á carga de 2 μC situada no punto 2, é o mesmo:

$$\vec{E}_{42} = 4,50 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto 4 é a suma vectorial dos campos creados neste punto por cada carga.

$$\vec{E}_4 = \vec{E}_{41} + \vec{E}_{42} = 4,50 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ [N/C]} + 4,50 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ [N/C]} = 9,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo está dirixido no sentido positivo do eixe X.

Como o campo eléctrico é a forza sobre a unidade de carga positiva, calcúlase a forza despregando:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}}{q} \Rightarrow \vec{F} = q \cdot \vec{E}_4 = 1,60 \cdot 10^{-19} \text{ [C]} \cdot 9,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ [N/C]} = 1,44 \cdot 10^{-15} \vec{i} \text{ N}$$

A aceleración calcúlase aplicando a segunda lei de Newton:

$$\vec{F} = m \cdot \vec{a} \Rightarrow \vec{a} = \frac{\vec{F}}{m} = \frac{1,44 \cdot 10^{-15} \vec{i} \text{ [N]}}{1,67 \cdot 10^{-27} \text{ [kg]}} = 8,62 \cdot 10^{11} \vec{i} \text{ m/s}^2$$

O resultado, independente da orientación do dipolo, sería: a aceleración do protón é de $8,62 \cdot 10^{11} \text{ m/s}^2$, cara á carga negativa.

Análise: O valor da aceleración parece moi elevado, pero os cálculos son correctos.

4. Nun punto de coordenadas (0, 3) está situada unha carga $q_1 = 7,11 \text{ nC}$, e no punto de coordenadas (4, 0) está situada outra carga $q_2 = 3,0 \text{ nC}$. Calcula:

- A expresión vectorial da intensidade do campo eléctrico no punto (4, 3).
- O valor do potencial eléctrico no punto (4, 3).
- Indica o signo e o valor da carga q_3 que hai que situar na orixe para que o potencial eléctrico no punto (4, 3) se anule.

Dato: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}$. As coordenadas están expresada en metros.

(A.B.A.U. ord. 19)

Rta.: a) $\vec{E} = (4 \vec{i} + 3 \vec{j}) \text{ N/C}$; b) $V = 25 \text{ V}$; c) $q_3 = -13,9 \text{ nC}$.

Datos

Posición da carga q_1

Posición da carga q_2

Posición do punto 3

Valor da carga situada no punto 1

Valor da carga situada no punto 2

Constante de Coulomb

Incógnitas

Vector de intensidade do campo eléctrico no punto 3

Potencial eléctrico no punto 3

Valor da carga situada na orixe para que o potencial no punto 3 sexa nulo

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Cifras significativas: 3

$$\vec{r}_1 = (0, 3,00) \text{ m}$$

$$\vec{r}_2 = (4,00, 0) \text{ m}$$

$$\vec{r}_3 = (4,00, 3,00) \text{ m}$$

$$q_1 = 7,11 \text{ nC} = 7,11 \cdot 10^{-9} \text{ C}$$

$$q_2 = 3,00 \text{ nC} = 3,00 \cdot 10^{-9} \text{ C}$$

$$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}$$

$$\vec{E}_3$$

$$V_3$$

$$q_3$$

$$r$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

Solución:

a) Faise un debuxo no que se sitúan os puntos 1(0, 3), 2(4, 0) y 3(4, 3).

Debúxanse os vectores do campo no punto 3, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Debúxase o vector suma que é o campo resultante, \vec{E}_3 .

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

A distancia do punto 1 ao punto 3 é: $r_{13} = |(4,00, 3,00) \text{ [m]} - (0, 3,00) \text{ [m]}| = 4,00 \text{ m}$.

O vector unitario do punto 3, tomando como orixe o punto 1, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X .

Calcúlase o campo no punto 3, debida á carga de 7,11 nC situada no punto 1:

$$\vec{E}_{31} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{7,11 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(4,00 \text{ [m]})^2} \vec{i} = 4,00 \vec{i} \text{ N/C}$$

A distancia do punto 2 ao punto 3 é: $r_{23} = |(4,00, 3,00) \text{ [m]} - (4,00, 0) \text{ [m]}| = 3,00 \text{ m}$.

O vector unitario do punto 3, tomando como orixe o punto 2, é \vec{j} , o vector unitario do eixe Y .

Calcúlase o campo no punto 3, debida á carga de 3,00 nC situada no punto 2:

$$\vec{E}_{32} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(3,00 \text{ [m]})^2} \vec{j} = 3,00 \vec{j} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o vector de intensidade de campo eléctrico resultante no punto 3 é a suma vectorial dos vectores de intensidade de campo de cada carga:

$$\vec{E}_3 = \vec{E}_{31} + \vec{E}_{32} = 4,00 \vec{i} \text{ [N/C]} + 3,00 \vec{j} \text{ [N/C]} = (4,00 \vec{i} + 3,00 \vec{j}) \text{ N/C}$$

Análise: A dirección do campo resultante está de acordo co debuxo.

b)

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.


Calcúlase o potencial no punto 3, debido á carga de 7,11 nC situada no punto 1:

$$V_{31} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{7,11 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(4,00 \text{ [m]})} = 16,0 \text{ V}$$

Calcúlase o potencial no punto 3, debido á carga de 3,00 nC situada no punto 2:

$$V_{32} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(3,00 \text{ [m]})} = 9,00 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto 3 é a suma.



$$V_{31} + V_{32} = 16,0 \text{ [V]} + 9,00 \text{ [V]} = 25,0 \text{ V}$$

c) Calcúlase a distancia do punto 3 á orixe:

$$r_{30} = \sqrt{(3,00 \text{ [m]})^2 + (4,00 \text{ [m]})^2} = 5,00 \text{ m}$$

Escríbese a expresión do potencial no punto 3, debido á carga q_3 situada na orixe:

$$V_{30} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}] \frac{q_3 \text{ [C]}}{(5,00 \text{ [m]})}$$

Para que o novo potencial no punto 3 sexa nulo, debe cumprirse que:

$$V_{31} + V_{32} + V_{30} = 0$$

$$16,0 \text{ [V]} + 9,00 \text{ [V]} + 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}] \frac{q_3}{(5,00 \text{ [m]})} = 0$$

O valor da carga 3 se obtense desdexando q_3 :

$$q_3 = \frac{-25,0 \text{ [V]} \cdot 5,00 \text{ [m]}}{9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}]} = -1,39 \cdot 10^{-8} \text{ C} = -13,9 \text{ nC}$$

Análise: O signo da carga é correcto, xa que produce un potencial negativo que contrarresta os potenciais positivos das cargas nos datos. O valor da carga parece aceptable, porque é semellante ao dos datos.

5. Dúas cargas eléctricas positivas (q_1 e q_2) están separadas unha distancia de 1 m. Entre as dúas hai un punto, situado a 20 cm de q_1 , onde o campo eléctrico é nulo. Sabendo que q_1 é igual a $2 \mu\text{C}$, calcula:
- O valor de q_2 .
 - O potencial no punto no que se anula o campo.
 - O traballo realizado pola forza do campo para levar unha carga de $-3 \mu\text{C}$ desde o punto no que se anula o campo ata o infinito.

Dato: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}$.

(A.B.A.U. extr. 18)

Rta.: a) $q_2 = 32 \mu\text{C}$; b) $V = 4,5 \cdot 10^5 \text{ V}$; c) $W = -1,4 \text{ J}$.

Datos

Distancia entre as cargas q_1 e q_2

Distancia do punto P, no que se anula o campo, á carga q_1

Valor da carga situada no punto 1

Valor da carga situada no punto P

Campo eléctrico no punto P

Constante de Coulomb

Incógnitas

Valor da carga q_2

Potencial eléctrico no punto P

Traballo para trasladar unha carga de $-3 \mu\text{C}$ desde P ata o infinito

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Traballo da forza eléctrica ao mover unha carga desde A ata B

Cifras significativas: 3

$$r_{12} = 1,00 \text{ m}$$

$$r_{P1} = 20,0 \text{ cm} = 0,200 \text{ m}$$

$$q_1 = 2,00 \mu\text{C} = 2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

$$q_2 = -3,00 \mu\text{C} = -3,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

$$\vec{E}_P = \mathbf{0}$$

$$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}$$

$$q_2$$

$$V_P$$

$$W_{P \rightarrow \infty}$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$


$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$W_{A \rightarrow B} = q(V_A - V_B)$$

Solución:

a) Faise un debuxo situando as cargas no eixe horizontal, unha na orixe, e a outra a 1 m de distancia, por exemplo no semieixe positivo. Sitúase un punto, P, a 20 cm da orixe, entre ámbalas cargas.



Debúxase no punto P o vector de campo eléctrico creado pola carga q_1 , prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque a carga é positiva.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \hat{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \hat{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \hat{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \hat{u}_r$$

A distancia entre a carga q_1 e o punto P é: $r_{P1} = 20,0 \text{ cm} = 0,200 \text{ m}$.

O vector unitario do punto P, tomando como orixe o punto 1, é \hat{i} , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo no punto P, debido á carga de $2 \mu\text{C}$ situada no punto 1:

$$\vec{E}_{P1} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{2,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(0,200 [\text{m}])^2} \hat{i} = 4,50 \cdot 10^5 \hat{i} \text{ N/C}$$

O campo no punto P, debida á carga q_2 situada a 1 m de distancia da carga q_1 , ten que ser oposta, para que o campo no punto P sexa nula.

$$\vec{E}_{P2} = -4,50 \cdot 10^5 \hat{i} \text{ N/C}$$

A distancia de q_2 ao punto P é: $r_{P2} = 1,00 [\text{m}] - 0,200 [\text{m}] = 0,80 \text{ m}$

Escríbese a expresión do módulo do campo creado pola carga q_2 no punto P, e substitúense os datos:

$$|\vec{E}_{P2}| = K \frac{q_2}{r_{P2}^2} \Rightarrow 4,50 \cdot 10^5 = 9,00 \cdot 10^9 \frac{q_2}{0,80^2}$$

O valor da carga obtense desdexando q_2 :

$$q_2 = \frac{4,50 \cdot 10^5 [\text{N} \cdot \text{C}^{-1}] \cdot (0,80 [\text{m}])^2}{9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}]} = 3,2 \cdot 10^{-5} \text{ C} = 32 \mu\text{C}$$

Análise: Como a distancia de q_2 ao punto P é 4 veces maior que a da carga q_1 , o valor da carga terá que ser $4^2 = 16$ veces maior.

b)

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Calcúlanse os potenciais no punto P, debidos a cada unha das cargas:

$$V_{P1} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{2,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(0,200 [\text{m}])} = 9,00 \cdot 10^4 \text{ V}$$

$$V_{P2} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{32 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(0,80 [\text{m}])} = 3,6 \cdot 10^5 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto P é a suma:

$$V_P = V_{P1} + V_{P2} = 9,00 \cdot 10^4 \text{ [V]} + 3,6 \cdot 10^5 \text{ [V]} = 4,5 \cdot 10^5 \text{ V}$$

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

